



# XIII FESTA do VIÑO TINTAFEMIA



*1, 2 e 3 de Xullo 2016*

*Santa Maria de Cela*



## MANUEL MARÍA

### En Cela

Lémbrome que era no outono, hai disto vinte anos. Varios de nós recibimos o aviso de Evencio Parada Malvido, (q.e.p.d.) para que foramos ese venres pola noite ó Rincón de Cela, na

praia de Agrelo que tiña algo que falarnos. A verdade que nos sorprendía e non sabiamos para que. O certo é que acudimos á cita onde apareceron máis convidados e alí escoitamos da súa voz o obxecto da xuntanza: organizar unha festa do viño Tintafemia de Cela. Polo que a min atinxe, recoñezo que me colleu desprevido. Certo é que dende cativo tiña oído comentarios acerca de que o noso viño, sempre afamado fóra da nosa parroquia, non estaba recoñecido oficialmente como se merecía e sempre se falaba de facer algo como agruparse, relanzalo cunha festa ( a partires do costume de agasallar cunha fecha de viño no momento das tradicionais Vivas da Festa dos Mozos na última fin de semana do mes de agosto) e mesmo estaba a discusión sobre a paternidade do viño e se era ou non o mesmo patrón que o caíño.

Pero a proposta de Evencio non paraba aí. El que xa fora partícipe anos antes, na organización da festa gastronómica da Vieira a nivel municipal nas sucesivas edicións mentres o permitiu a toxina, resulta que a súa idea agora da festa do viño tiña outra finalidade maior que en si mesma. Segundo nos explicou serviría para relanzar o viño Tintafemia de Cela e amais contribuíría notablemente ó financiamento das festas parroquiais, concretamente as patronais de Santa María e San Roque, que sempre foron as máis febles e custosas de facer, polos días críticos nas que tiñan lugar, en plena temporada alta da Asunción o quince e dezaseis de agosto. Cos remanentes de Corpus Christi e a festa do viño unido ás dádivas dos veciños, poderíanse organizar con maior facilidade e comodidade. En verdade, era que se notaba xa, certo decaemento na organización das festas parroquiais e alí cadaquén expuso o seu parecer. No meu caso, que non son nada festeiro, e do meu compañeiro non acertaba a saber que se agardaba de nós. Certo é que acababamos ese verán de artellar a primeira romería do San Lourenzo de Cela en moitos anos e fora unha novidade naquel ano, como histórico foi o Pleno da Corporación municipal de Bueu celebrado en abril no Outeiro da Carballosa. Ó remate da xuntanza quedou formada unha precomisión de homes dispostos a traballar na organización para 1997 da que sería a I Festa do viño Tintafemia de Cela e mailas festas patronais da ponte de agosto.



Cara o mes de abril daquel ano de 1997, os preparativos da festa gastronómica xa estaban avanzados : o viño seleccionado das adegas da parroquia en capela preparado para embotellar unhas dúas mil cincocentas botellas, carpa degustación e carpa de autoridades, polbeiras e empanadas, concertos de música e baile, incluso un concurso de cata dos viños participantes con premios para os tres primeiros clasificados. Mesmo se confeccionou un cartel conmemorativo para a ocasión, a partires dun boceto pintado por don José María Barreiro Gómez, que sería a visualización permanente das futuras edicións: a través dunha fiestra aberta de par en par cara o solpor das illas Ons, unha vista panorámica centrada na traseira da parroquial igrexa de Santa María de Cela e aledaños, coas casas, orno e árbore do adro, campanario e cruceiro frontal coa punta de Cabalo no lateral. En primeiro plano una mesiña cun prato de sardiñas asadas e dúas botellas de viño tintafemia repousa no pousadoiro da fiestra. Parecía que todo estaba pensado e a punto, mesmo as festas preparadas e contratadas ... digo eu que naquilo durante as xestións dos permisos e autoridades convidadas, alguén notou en falta ou suxeriu que para darlle maior realce a aquel evento na súa primeira edición precisaba dun toque cultural, isto é, dun pregoeiro á altura que se precie en calquera cita gastronómica e, en Cela, non ía faltar. Foi cando se dirixiu a min o Alcalde-Presidente de Bueu, don Xosé Novas Piñeiro, manifestándome que necesitaba un teloneiro que presentara ó pregoeiro escollido, don Manuel María Fernández Teixeira, Manuel María, o escritor, o poeta da Terra Cha lucense, nacido en Outeiro de Rei en 1929 quen dixo de si mesmo en repetidas ocasións *“eu de min soio sei con seguridade que escribo versos. O que aínda non sei é se son poeta. Isto dirao, en definitiva, o tempo”*.

Aínda que non estaba a feito a estes prolegómenos, o momento, a persoa elexida e Cela ben o merecían, e aceptei. Así foi como tiven a honra naquel sábado, 19 de xullo de 1997 de coñecer, presentar en nome da Comisión organizadora e compartir aqueles momentos con persoeiros da vida social de Galicia. Como anécdota sinalarei a bronca que me botou o finado de Evencio en medio da xente asistente ó pregón no eirado de Cela, el de abaixo, nós de arriba dende o palco, motivado ó retraso nestas ocasións da axenda e como se facía longo e tarde para el *“a literatura”* que acabara loguiño que había que vender as botellas do viño ... A continuación Manuel María pronunciou o seu pregón facendo fincapé na beleza do Morrazo e que en cada terra de Galicia hai un viño especial e singular que o caracteriza, pero todos parten dun, da vide de Noé. Falou como grande amante do viño e que sen el, nada pode haber perfecto, e que o mellor agasallo para un católico compostelano é un bo viño sempre tomado en compañía, xa que beber en soidade é unha traxedia, para rematar dicindo *“quedaría satisfeito se este pregón valera unha taza de bo viño de Cela”*.

Ó remate do pregón e recepción de autoridades na carpa protocolaria a estes efectos, logo das actuacións da Banda de gaitas Manxadoira e mailo Grupo de baile Antoxo, os dous de Bueu, preto das catro da tarde fómomos xantar á taberna do Estanqueiro onde a Organización tiña encargada a mesa. Amais do ilustre pregoeiro invitado, o propio Evencio, o Alcalde de Bueu estiveron presentes, o escritor D. Bernardino Graña e D. Xoán Carmona Badía, catedrático da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela.

A comida foi un crisol de pareceres e reencontro entre vellos coñecidos. Manuel María falou da súa etapa como procurador dos tribunais nuns tempos difíciles e conflictivos de electrificación de Galicia con ocupacións e expropiacións por parte de Fenosa, o contraste que había entre os viños do interior e da costa e que a relación co viño tintafemia de Cella xa lle viña de vello, cando acudía invitado por José María Castroviejo Blanco – Cicerón e Juan Santos á adega de Agustín García Parada do Burgo ( Agustín de Cella) como era coñecido fóra da parroquia e que fora alcalde no período 1910-1912.

Falouse da situación actual do viño tintafemia, de cooperativismo, de posibilidades de integración como subzona na Denominación Rías Baixas, de calidade fronte a cantidade na actitude dos produtores adegueiros, da peculiar circunstancia desta clase de cepa na comarca e da elaboración do viño sen mescla con outro tipo de uva, das posibles orixes da súa introducción a través do frades bieitos de Santiago de Hermelo e o seu priorado ....

Tamén tiveron cabida outros asuntos da vida municipal, viño aparte, como foi a cuestión da oportunidade ou non da proposta de musealización dunha salazón no noso concello como a de Mourisca en Beluso segundo expuso o Alcalde Novas directamente dirixido ó profesor Xoán Carmona quen asentiu no novedoso que sería naquel momento no ámbito galego, pois da conserva sí había varios precedentes, pero da salga non, de aí o acertado da cuestión como precursor dos envasados en lata e así estivemos intercambiando pareceres industriais, comerciais e paixasísticos ata que Manuel María chamou a atención de que xa eran horas de ir indo pois a viaxe de volta requería aínda de tempo. E así foi como deu rematada a sobremesa e posterior despedida. Un mes despois, Manuel María escribiría unha misiva dende Monforte de Lemos ó Alcalde lembrando este día e, entre outros asuntos, comunicándolle que publicara no xornal “ El Correo Gallego” un artigo sobre o “Tintafemia” no cinco ou doce de agosto pasado.

Eran tempos de Galivisión e Telemorrazo, incipientes cadeas de televisión privadas de ámbito local, aínda non nacera a edición do Morrazo do Faro de Vigo e estaba en estudio a ampliación do espigón e dique de abrigo do




porto de Bueu do todopoderoso conselleiro, Sr. Cuiña Crespo (“Portos son eu” diría nunha visita posterior á nosa vila). Estaba en construción a depuradora, a segunda fase do parque empresarial, os terreos para o centro de ensino obrigatorio da ESO. Na nosa parroquia estaban recén mercados os terreos para a pista polideportiva escolar dos Sarces na Torre, o solar e proxecto da futura biblioteca pública municipal de Cela, o proxecto de paseo Agrelo – Portomaior ... Para rematar traemos aquí as palabras reproducidas no Saúda do programa de man daquela primeira festa por parte da Comisión organizadora:

*“ Diante nosa ofrécesenos un gran reto: ofertar a xeito de feira un produto fino e delicado que se atesoura nas adegas de poucos e que non gusta de traslados innecesarios. Esta flor de Cela que lle ten dado sona e renome, conquistando ós entendidos máis exquisitos e facendo acreedores ós labradores da mellor fecha da bisbarra saída da terra regada coa súa, é o que queremos ofrecer.*

*Viño aparte, estades convidados a compartir nesta “I Festa do Viño Tintafemia de Cela, toda a tradición da amizade e a das xuntas da nosa xente da parroquia de Santa María, presente nas relacións humanas cotiás, xunguida coa modernidade dun viño xove, de patrón autóctono, fino, suave, fresco e purificado a contra luz, herdado dos bocois vellos e adegas terreñas, non comercializado e onde a falta de etiqueta, como ocorre na augardente, non é impedimento para que o jbo se espalle de seu!. Na confianza de que será do agrado de todos, sexa o noso recoñecemento ó labor daqueles que nos precederon e dos que somos depositarios. ¡Bos tragos!”.*

Agora, pasados os anos, os dous protagonistas daquela primeira edición da festa do viño Tintafemia de Cela, Manuel María e Evencio Parada xa non están entre nós (q.e.p.d). A Manuel María adícaselle hogano, o día das Letras Galegas. Sexa para eles dous, o noso recoñecemento e recordo especial nesta nova edición da refundación da festa que eles inauguraron, e que facemos nosas as palabras arriba reseñadas, in memoriam.



## O Carro

*Non canta na Chá ninguén.  
Por eso o meu carro canta.  
Canta o seu eixo tan ben  
que a señardade me espanta.*

*Non hai canto tan fermoso:  
fino como un asubío.  
Anque é, ás vegadas, saudoso.  
Faise, no ar, rechouchío.*

*O meu carro é cerna dura:  
sábese carballo e freixo.  
¡Que fermosa a súa feitura!  
¡Que lixeireza a do eixo!*

*As cousas vanse aledando  
por onde o meu carro pasa.  
¡Carrétame herba pró gando!  
¡Traime a colleita prá casa!*

*"Terra Chá", 1954. Manuel María*

## Carballos

*¡Carballos rexos, pontentes,  
calados ou musicais  
que loitais como valentes  
coas xistras e os vendavais!*

*¡Duros carballos verdeados,  
petrucios e sedentarios!  
¡Estades na Chá chantados  
solemnes e centenarios!*

*¡Como amo a vosa beleza  
da máis baril sobriedades!  
¡Que sensación de forza  
ollando prá eternidade!*

*Torre de Cela.*

*Dez de Maio de dous mil dezaseis.*

**Belarmino Barreiro Rosales**

ESTÉVEZ  VILAS S.L.

INSTALADORA  
DE GAS EGB36020021

AUTORIZADA  
POR LA XUNTA DE GALICIA

EMPRESA COLABORADORA:

gasNatural   
fenosa

INSTALACIÓN - BUTANO PROPANO - GAS NATURAL  
CONTRATACIÓN, REVISIÓN Y MANTENIMIENTO

Tel: 986 30 00 60 - 661 240 424

CANGAS